

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

" "SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA NA XURISDICCIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA, EMISIÓN DE DICTAMES E ASESORÍA XURÍDICA EN MATERIA DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO E DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO" - ADXUDICACION PROVISIONAL: Visto o expediente tramitado en procedemento aberto para a contratación do servizo enunciado, resulta que foron admitidas as seguintes proposicións:

PLICA NUM. UN: Presentada por Don Ulises C. Bértolo García, en nome e representación da UTE **"BER&MOR-LAURAFER ASOCIADOS"**, de Santiago de Compostela, que oferta realizar o devandito servizo polo prezo de **79.600,00 Euros/ano, sen IVE**. Puntuación: **50,78**.

PLICA NUM. DOUS: Presentada por **DON JOSÉ LUIS NARBÓN GARCÍA**, de Vigo (Pontevedra), que en nome propio oferta realizar o devandito servizo polo prezo de **84.600,00 Euros/ano, sen IVE**. Puntuación: **78,00**.

Vistas as ofertas admitidas e máis a proposta de adxudicación formulada ao respecto pola Mesa de Contratación, fiscalizada pola Intervención Municipal, esta Alcaldía resolve:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente o **"Servizo de asistencia xurídica na xurisdicción contencioso-administrativa, emisión de dictames e asesoría xurídica en materia de urbanismo do Concello de Sanxenxo e da Xerencia Municipal de Urbanismo"** a **DON JOSÉ LUIS NARBÓN GARCÍA**, polo prezo de **84.600,00 Euros/ano, sen IVE**, con suxeición á súa oferta e aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen esta contratación.

Segundo: Pasados 15 días hábiles dende o seguinte ao de publicación desta resolución no perfil de contratante, elevarase a definitiva esta adxudicación provisional. Dentro do citado prazo de 15 días, o adxudicatario deberá cumprir o disposto na cláusula 20 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen esta contratación. O respectivo contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao de notificación da adxudicación definitiva".-----

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, en Sanxenxo a trinteún de marzo do dous mil dez.



A ALCALDESA,

Asdo. Catalina González Bea



ANTE MIN, SECRETARIO,

Asdo. Ángel Luis López Pita